

# PROGRAMA



PLATAFORMA CIDADÁ  
**OURENSE  
MELLOR**





PLATAFORMA CIDADÁ  
**OURENSE  
MELLOR**

## **OURENSE MELLOR**

### **A cidade que Queres**

O programa de Goberno de **OURENSE MELLOR**, é un documento base aberto, dinámico, en constante evolución, froito da colaboración de colectivos e persoas que a título individual foron facendo as súas achegas, que na actualidade suma máis de **100 medidas** e que no futuro poden ser máis. O importante é que son todas medidas contrastadas, realizables e que pretenden aportar **solucións para esta situación de parálise e abandono** que sofre a cidade.

É un programa para **ser executado nos 4 anos** que dura o mandato municipal, que pretende aproveitar as potencialidades que temos para converter **Ourense nunha cidade moderna e acolledora, social, económica e culturalmente activa, medioambientalmente sostible e onde cadaquén poida desenvolver o seu proxecto vital**. En definitiva, unha cidade non só para vivir senón tamén para desfrutar e da que todas as **ourensás e os ourensáns** nos sintamos **orgullosos**.

Pero quizais o máis importante é que se trata dun programa de goberno que elaboramos coa **firme convicción de ser cumprido**. Non imos escatimar en adicación, esforzo, vontade de diálogo e de acordo cos que pensan diferente a nós para poder ir executando todas e cada unha das medidas que están recollidas neste programa,, que é un **contrato coa cidadanía de Ourense**, para construír a **cidade que todas e todos queremos**.

## **URBANISMO, HABITABILIDADE, VIVENDA E INFRAESTRUTURAS**

A política urbanística plasmada no PXOM (Plan Xeral de Ordenación Municipal) é o instrumento por medio do cal se decide o modelo de cidade que se quere construí. **OURENSE MELLOR** aposta por un Ourense habitable, accesible, cos diferentes espazos e usos dos mesmos ordenados e definidos, no que se garanta o dereito a unha vivenda digna ao conxunto das persoas, e cunhas infraestruturas que fagan máis doada a vida da veciñanza.

### **URBANISMO**

1. Anulación do acordo da Xunta de Goberno da aprobación inicial do PXOM (Plan Xeral de Ordenación Municipal), nova exposición pública e aprobación posterior polo Pleno antes de que remate 2019, para a súa entrada en vigor definitiva antes que remate o mandato en maio do 2023; un PXOM cunha previsión de vivenda de nova construción axustada á demanda real e non á especulación, que priorice a rehabilitación, sobre todo no rural, o equilibrio dotacional entre barrios e parroquias, a redución da necesidade de desprazamentos, a previsión do uso da expropiación para o interese público e a limitación á implantación de grandes superficies comerciais cando supoñan unha competencia directa para o comercio local, e que non deixe vivendas con licenza fóra de ordenación.

2. Impulso ao desenvolvemento das ARI's (Área de Rehabilitación Integral) en vigor: Seixalvo, Casco Histórico, Polvorín, As Camelias e A Carballeira; e Serra de San Mamede, Cruceiro Quebrado e A Inmaculada. Ademais xestionaranse novas ARI's no Vinteún-Sta Teresita e Barrocás-Pena Redonda.



## HABITABILIDADE

3. Incremento das rúas peonís e das de acceso ao tráfico rodado restrinxido.

4. Eliminación de todo tipo de barreiras que dificulten a mobilidade e deseño e sinalización de rutas accesibles 100% por toda a cidade para persoas con mobilidade reducida, que conecten o principais edificios, parques, recursos turísticos e instalacións municipais.

5. Universalización da a cobertura wifi da nosa cidade facendo que chegue a todos os espazos públicos de barrios e parroquias.

6. Esixencia ás empresas encargadas dos servizos de Mantemento de Parques e Xardíns, e da Limpeza Viaria, que manteñan os espazos verdes e as rúas e prazas da cidade en perfecto estado durante todo o ano. De non cumprir todo o acordado nos contratos serán sancionadas, chegando á rescisión dos mesmos.

7. Posta en funcionamento dun Servizo Municipal de Mantemento de Infraestruturas, Rúas e Parques, para a execución de xeito urxente medidas de actuación que lle devolvan á cidade o brillo que perdeu nos últimos anos.

8. Utilización dos terreos da actual Estación de Autobuses cando queden en desuso para reconvertelos nunha zona de lecer e esparcemento para a veciñanza da zona.

## VIVENDA

9. Creación dunha Empresa Municipal de Urbanismo e Vivenda adicada á



obtención e xestión de chan para dotacións e infraestruturas públicas, á promoción da vivenda pública nos seus diferentes réximes, priorizando a rehabilitación, a reposición e o alugueiro. A empresa fomentará o cooperativismo para a autopromoción tanto para a rehabilitación como para a nova construción.

10. Reforma das ordenanzas fiscais para gravar de xeito progresivo a nova construción e para bonificar a rehabilitación e a entrada no mercado de alugueiro da vivenda baleira. Penalizaranse os grandes posuidores de vivenda baleira como son as entidades financeiras e o SAREB.

11. Posta en marcha dun servizo de asesoramento xurídico que evite os desafiuzamentos antisociais, e acade o compromiso de non traballar con entidades bancarias que executen desafiuzamentos deste tipo.

12. Demanda ao Goberno Central da execución sen máis retrasos das obras da Estación de Tren de A Ponte e da variante exterior de entrada do AVE na cidade, tentando garantir a continuidade da trama urbana e a integración dos barrios da Ponte e o Vinteún.

13. Esixencia do Goberno do Estado do inicio durante 2020 das obras da circunvalación Norte e o reinicio das obras da autovía Ourense-Lugo, para que estén rematadas no 2023.



## **EMPREGO, COMERCIO E DINAMIZACIÓN ECONÓMICA**

A falta de emprego e de oportunidades é un dos principais problemas que ten hoxe a nosa cidade, por iso **OURENSE MELLOR** centrará os seus esforzos en levar a cabo iniciativas que fomenten a creación de emprego. Ourense é unha cidade de servizos e ten que ser no futuro unha cidade ligada ao ocio e o descanso. Dentro deste modelo de cidade os dous principais nichos de xeración de emprego son o comercio o os sectores vinculados ao turismo, que deben ter unha oferta variada, aproveitando tódolos polos de atracción que temos: o termalismo, o patrimonio material e inmaterial, a gastronomía, o viño, os festexos populares...

### **EMPREGO**

1. Posta en marcha dun Plan Municipal de Emprego que, en colaboración co tecido empresarial de Ourense, desenvolverá accións de formación naquelas profesións con maior demanda laboral e fomentará, mediante axudas a fondo perdido, a contratación estable de colectivos en risco de exclusión laboral como poden ser a mocidade, as mulleres vítimas de violencia de xénero, ou persoas maiores de 50 anos.
2. Apoio a todas as persoas autónomas e ao pequeno empresariado durante os dous primeiros anos desde a posta en marcha da súa iniciativa empresarial.
3. Posta en marcha nun edificio de propiedade municipal da “incubadura empresarial” destinada a albergar emprendedores que queiran comezar un proxecto de negocio.
4. Realización de procesos selectivos periódicos para cubrir as vacantes de



funcionarios e persoal laboral dos distintos servizos municipais, e creación dunha bolsa de contratación para persoal temporal.

## **COMERCIO**

5. Elaboración dun Plan de Apoio ao Comercio Local que inclúa: medidas de apoio ao comercio de proximidade fronte ao modelo de grandes centros comerciais, medidas de fomento e consolidación do comercio local, como poden ser as campañas de concienciación cidadá, a redución do IBI e taxas municipais, potenciamento de estratexias colaborativas entre os/as comerciantes/as e de mellora do seu posicionamento no comercio on-line, que lles permitan facer fronte ás plataformas dixitais.

6. Creación da Fundación sen ánimo de lucro AUREA INVISTE que, mediante a concesión de microcréditos, lles facilite financiamento a baixo custo a todas aquelas persoas que emprendan unha actividade empresarial de autoemprego ou poñan en marcha unha PEME, para facilitar a súa implantación e consolidación.

7. Promoción da Feira do Vinteún.

## **DINAMIZACION ECONÓMICA**

8. Execución ao 100% do Plan Termal de Ourense aprobado no 2007 para converter as augas termais nun recurso endógeno e complexo, con multitude de posibilidades e aplicacións nos aspectos da sanidade, turismo, lecer, cosmética, ou enerxía..., co obxectivo de que o termalismo sexa o motor que impulse a xeración de postos de traballo e dinamismo económico.



9. Creación da empresa pública Auga Auria, encargada do control, planificación, aplicación, e xestión dos recursos, para obtermos benestar e que a riqueza que xere reverta na comunidade.

10. Realización das obras de mellora necesarias no Camping de Ourense, incluíndo unha área específica para autocaravanas, e abríndoo á maior brevidade posible

11. Fomento da relación entre o Concello e o Campus de Ourense mediante a sinatura de convenios de colaboración en diversos eidos, priorizando o desenvolvemento dun programa de I+D+I sobre as augas termais con sede no Campus Universitario de Ourense.

12. Defensa ante a Xunta de Galicia da implantación no Campus de Ourense do máster de Aeronáutica.

13. Apertura e posta en funcionamento da Praza da Ponte para que sexa un espazo de valorización do produto local de calidade, dotándoa de infraestruturas e servizos que engadan valor aos produtos que nela se comercialicen.

14. Impulso dos Centros Comerciais Abertos existentes e promoción da constitución doutros, axudándoos na súa posta en marcha e formándoos en estratexias para competir coas grandes superficies e co e-comercio.

15. Deseño de rutas turísticas que inclúan os diferentes barrios da cidade e mercados municipais, fomentando o consumo no ámbito do comercio local.

16. Deseño e implantación dun Parque Industrial Estratéxico para o interior da Euro Rexión Galiza-Portugal centrado nas aplicacións diversificadas e





intelixentes dos nosos recursos endóxeos.

17. Cumprimento do prazo legal de 30 días, e na medida do posible reduciilo, no pago a provedores, co obxectivo de cumprir a legalidade e para non prexudicar ás pequenas empresas e autónomos locais que realizan obras, prestan servizos ou subministran material ao concello

18. Creación dunha Oficina destinada á captación de fondos procedentes doutras administracións destinados á posta en marcha de proxectos de cidades sustentables e sociais.

## **IGUALDADE DE XÉNERO**

**Todas as iniciativas que se executen desde o concello teñen que ter uns obxectivos irrenunciáveis: acadar a igualdade real entre mulleres e homes, loitar contra a violencia machista e darlle todo o apoio e cobertura ás vítimas.**

1. Terase en conta a perspectiva de xénero en tódolos plans, proxectos ou programas municipais que se poñan en marcha, elaborando un estudo do impacto futuro sobre a a igualdade de xénero e unha auditoría posterior dos resultados da súa implantación.

2. Dotación de persoal e orzamentos específicos e autoxestionados ao Consello Municipal da Muller, para que se converta nunha ferramenta efectiva a prol de conseguir a igualdade real e plena na nosa cidade.

3. Creación dun Observatorio Municipal de Igualdade de Xénero.

4. Remunicipalización do servizo de Casa de Acollida para mulleres vítimas



de violencia de xénero co obxectivo de melloralo, demandándolle á Xunta de Galicia unha nova ubicación para o Punto de Encontro Familiar.

## **SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL E MOBILIDADE**

Unha cidade moderna como pretendemos que sexa a nosa dende **OURENSE MELLOR**, ten que ser medioambientalmente sostible e para iso é imprescindible pór en marcha medidas que reduzan a contaminación e o consumo enerxético, e facer un uso adecuado dos residuos que se xeran. Dentro deste obxectivo de acadar a sustentabilidade ambiental, apostar por unha mobilidade que xere a mínima contaminación posible será para nós un obxectivo prioritario.

### **SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL**

1. Introducción na ordenación e planeamento municipais da lexislación comunitaria máis avanzada en canto a sustentabilidade, nomeadamente no que se refire ao metabolismo urbano e á convivencia harmónica entre as necesidades da cidade e o medio ambiente.
2. Elaboración e execución dun Plan de Resíduos propio baseado na redución, a reutilización e a reciclaxe, co obxectivo a medio prazo de saír do Plan Sogama por ser este pouco respectuoso co Medio Ambiente.
3. Posta en marcha medidas de aforro enerxético e utilización de enerxías renovables en tódolos edificios e instalacións municipais, así como no alumeadado público.
4. Eliminación de tódolos puntos de verquidos nos ríos que pasan polo noso concello.



5. Elaboración dun Plan forestal do Concello que, en colaboración con outras administracións, manteña os montes comunais ordenados, fomente a plantación de árbores autóctonas, erradique as especies invasoras e permita manter as franxas de seguridade limpas, en torno aos núcleos de poboación do rural.

## **MOBILIDADE**

6. Aplicación de plans que limiten a velocidade a 30km/h no conxunto das vías de circulación do casco urbano, tanto para mellorar a seguridade como para reducir a contaminación.

7. Esixencia á Xunta de Galicia da posta en funcionamento no primeiro ano de mandato do Transporte Metropolitano, que permita unha mobilidade con criterios de máxima accesibilidade.

8. Demanda á empresa que preste o servizo de transporte municipal da ampliación de rutas e mellora de frecuencias, en función das necesidades reais das veciñas e dos veciños dos diferentes barrios da cidade.

9. Fomento de hábitos na cidadanía que aposten por desprazamentos non motorizados, en vehículos non contaminantes, e en transporte colectivo, público ou privado.

10. En colaboración co colectivo de taxistas e mediante a concesión de axudas, impulso do servizo de Eco-Taxis prestado con vehículos eléctricos.

11. Posta en marcha dun Bono-taxi para persoas con dificultades para a



mobilidade e maiores dos núcleos rurais.

12. Demanda ao Ministerio de Fomento e á Xunta de Galicia da elaboración dun proxecto para pór en marcha un servizo de trens de proximidade, que conecte as vilas de Carballiño e Ribadavia coa cidade de Ourense e co polígono de San Cibrao das Viñas.

13. Creación de aparcamentos disuasorios conectados co transporte público nas principais entradas da cidade, reducindo o número de vehículos particulares que entran na trama urbana.

14. Impulso á Rede de Camiños Escolares, fomentando a independencia e mellorando a seguridade dos nenos e nenas á hora de ir e volver sos das escolas.

## **FISCALIDADE E SERVIZOS MUNICIPAIS**

**A política fiscal nun concello debe estar encamiñada a acadar a suficiencia financeira aportando a maior cantidade de recursos posibles a tesourería municipal, pero sempre con criterios de progresividade e de xustiza social. Porque só acadando a suficiencia financeira se poden manter con parámetros de máxima calidade a prestación dos diferentes servizos municipais.**

### **FISCALIDADE**

1. O concello precisa dunha verdadeira autonomía local, nomeadamente no aspecto financeiro. É precisa a derogación das leis de estabilidade orzamentaria e a reforma da Lei da Administración Local de Galicia.



2. Aprobación dunha reforma fiscal no ámbito municipal para acadar a universalidade, a equidade, a progresividade e suficiencia financeira; universalización do IBI, coa inclusión entre os suxeitos pasivos das Igrexas e confesións relixiosas como propietarias de bens inmobles que teñen que pagar este imposto, utilizándoo como un instrumento de redistribución da riqueza e fomentando a posta en alugueiro de vivendas e locais comerciais, incrementándolles o IBI a aqueles propietarios que os manteñan baleiros.

3. Creación da fiscalidade verde e xusta gravando tanto a produción como o consumo de bens e servizos que non sexan respectuosos co medio ambiente, e gravando tamén a ocupación de espazos públicos con fins privados.

### **SERVIZOS MUNICIPAIS**

4. Remunicipalización de todas aquelas concesións de servizos municipais que xa teñan as súas concesións caducadas ou que finalicen durante o próximo mandato e sexa económica ou socialmente máis rendible a súa xestión pública.

5. Introducción de criterios de Contratación Social Responsable (cláusulas sociais, medio ambientais, de xénero) en tódolos pliegos de contratación de ámbito municipal, tanto de obras como de servizos.

6. Elaboración dunha Carta de Servizos de Ourense para determinar a carteira de servizos públicos que se lle prestan a cidadanía, racionalizar e simplificar procedementos, introducir e universalizar a administración electrónica, ampliar os horarios e espazos de atención, información e asesoramento.



7. Creación da figura do Valedor do Veciño encargada de velar polo respecto aos dereitos da cidadanía.

8. Potenciamento da administración municipal online, procurando que a cidadanía poida realizar a maior cantidade de trámites a través da Sede Electrónica Municipal.

9. Reconversión da cidade de Ourense nunha cidade interconectada, nunha Smarcity, a través do desenvolvemento dunha plataforma online onde as persoas residentes e visitantes poidan acceder a todo tipo de información.

10. Mellora das instalacións da Canceira Municipal e colaboración coas protectoras de animais que desenvolven a súa actividade no noso concello.

## **POLÍTICAS SOCIAIS, DE SAÚDE, DEPORTE E MOCIDADE**

**Non deixar ningunha persoa atrás procurando que toda a cidadanía teña as necesidades básica cubertas debe ser un obxectivo do goberno municipal. Igual de importante é que o conxunto da veciñanza teña unha vida saudable e para iso hai que fomentar a práctica do exercicio e do deporte, con especial atención á nosa mocidade.**

## **POLÍTICAS SOCIAIS**

1 Habilitación dun Plan Municipal Contra a Exclusión Social implementando as medidas necesarias, en colaboración con outras administracións, para conseguir que toda a cidadanía de Ourense teña as necesidades básicas cubertas.



2. Elaboración un mapa de recursos e infraestruturas de Servizos Sociais, para a coordinación e planificación do seu uso, co obxectivo de mellorar a atención á cidadanía.
3. Implantación un Plan de Emerxencia Alimentaria que, a través dos comedores escolares e en colaboración coas ONGs, asegure a alimentación suficiente a toda a poboación e durante todo o ano.
4. Creación dunha Casa de Acollida para persoas sen fogar ou vítimas de desafiuzamentos.
5. Incremento dos recursos para as axudas de comedor e actividades, e redución da burocracia para poder solicitalas.
6. Posta en marcha na vindeira lexislatura de tres novas Escolas Infantís e tres novos Centros de Día para a terceira idade no Couto-Carballeira, S.Francisco-Mariñamansa e A Ponte-O Vinteún.
7. Reforzamento os fondos e o persoal do CIM.
8. Creación dun Servizo de Orientación e Apoio á poboación inmigrante e ás persoas retornadas da emigración.
9. Promoción dunha nova sé para o Punto de Encontro nun espazo e cun réxime de traballo que protexa a seguridade e intimidade das persoas usuarias.



## **SAUDE**

10. Posta funcionamento do Consello Municipal da Saúde.

11. Esixencia á Xunta de Galicia da construción dun novo Centro de Saúde no Vinteún.

12. Apoio a tódalas organizacións que de xeito altruista traballan na cidade na educación sanitaria ou no apoio a pacientes con determinadas doenzas graves ou enfermidades raras.

13. Fomento de estilos de vida e de lecer saudables entre a mocidade, ofrecéndolle alternativas para as relacións sociais e para as prácticas nocivas como a do botellón.

14. Potenciamento do exercicio físico, a práctica de estilos de vida saudables en tódalas idades e colectivos. Para acadar este obxectivo dotarase de persoal técnico ás instalacións deportivas municipais, ás dos centros públicos de ensino, e aos espazos naturais para que as veciñas e veciños de Ourense poidan utilizalos para a práctica de exercicio físico.

## **DEPORTE**

15. Creación dun Complexo deportivo e de lecer en Oira, reordenando e ampliando as instalacións existentes así como a construción doutras novas, con equipamentos que permitan a práctica de novas actividades deportivas.

16. Aumento dos fondos destinados ao fomento do deporte de base e os deportes autóctonos.



17. Apoio aos clubs deportivos profesionais da cidade en función de posibles patrocinios e do retorno que estes xeren para a cidade en forma de publicidade, e que en ningún caso a cuantía das axudas superará o 30% do orzamento anual destes clubs.

18. Incorporación de representantes da cidadanía no Consello Municipal de Deportes.

19. Apertura das infraestruturas deportivas municipais durante as noites das fin de semana.

20. Acordo coa Deputación Provincial para conseguir a cesión da xestión do Pazo de Deportes Paco Paz.

## **MOCIDADE**

21. Creación da “Casa do Videoxogo”, espazo dirixido á mocidade local, orientado aos e-sports e aos videoxogos, e que contará con salas de competicións e adestramentos e-sports para equipos de mozas e mozos da cidade, salas para campionatos locais, provinciais e autonómicos en diversas plataformas, sala para conferencias con equipos profesionais, charlas, proxeccións, trucos...museo do videoxogo retro.

22. Posta en funcionamento dunha aplicación móbil para a mocidade de Ourense onde aparezan novidades, recursos, concertos, enquisas, etc. (para a elección de actividades)

23. Habilitación un Cheque cultural para mozas e mozos para investilo en concertos, libros, obras de teatro, etc.



24. Investimento para a potenciación de espazos seguros de lecer para a mocidade, dotándoos de persoal especializado en animación sociocultural e educación social, dotación de recursos para campañas de educación afectivo-sexual e campañas de potenciación da diversidade (diversidade de xénero, sexual, racial, diversidade funcional...)

25. Crear un Consello da Mocidade que recibirá directamente os fondos municipais para a súa xestión autónoma e democrática.

## **XESTIÓN MUNICIPAL, TRANSPARENCIA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ**

Os principios que deben rexir a xestión municipal do novo goberno, son a eficiencia, aprobando cada ano e executando o proxecto de orzamentos en tempo e forma, a redución de gastos de publicidade e representación, a transparencia e o fomento da participación cidadá no control da xestión e na toma de decisións.

### **XESTIÓN MUNICIPAL**

1. Aprobación do Orzamento Municipal para o presente ano, utilizando os 70 millóns de euros do remanente de tesourería en medidas contra a pobreza, o fomento do emprego e a limpeza, coidado e humanización da cidade.

2. Creación dunha Concellería específica para o Medio Rural que se encargue de atender e xestionar as necesidades das parroquias do rural e de xeito especial, un Plan de investimentos de 4 millóns de euros durante o próximo mandato.



3. Reducción ao 50% dos gastos de publicidade institucional e de representación.
4. Aprobación dunha Oferta Municipal de Emprego, sacando a concurso-oposición tódalas vacantes existentes os diferentes servizos, comenzando por realizar durante o ano 2020 unha convocatoria urxente para cubrir as vacantes da Policía Municipal e do Parque de Bombeiros
5. Priorización da utilización de software libre en tódolos equipos informáticos municipais nos que sexa posible.

## **TRANSPARENCIA**

6. Utilización da subasta pública como método de contratación preferente tanto de obras como de servizos, fomentando así a transparencia e evitando a corrupción.
7. Para as axudas que conceda o concello a todo tipo de organizacións que realicen actividades en beneficio da cidadanía, promoverase a utilización do sistema de concorrencia competitiva, en base a criterios de avaliación obxectivos.
8. Facilitar dun xeito áxil e transparente o acceso á facturación, a contratación municipal, os salarios, dietas e patrimonio dos cargos públicos e as asignacións aos grupos municipais.
9. Utilización de medios audiovisuais e aplicacións web, permitan facilitar á cidadanía toda a información de ámbito municipal con criterios de obxectividade, pluralidade e vocación de servizo público.



10. Dar conta periodicamente e con carácter obrigatorio, nas Asembleas Veciñais de distrito, barrio ou parroquia ás que asistirán os/as membros do goberno en función das súas ordes do día.

## **PARTICIPACIÓN CIDADÁ**

11. Introducción de dinámicas de orzamento participativo para que ao remate da vindeira lexislatura a parte do orzamento municipal que non teña o carácter de fixo ou finalista sexa elaborado e aprobado con este sistema.

12. Incremento do orzamento destinado a colaborar coas asociacións veciñais nun 50%, establecendo un sistema de reparto das axudas xusto e transparente.

13. Inscripción do concello na Liga de Cidades Educadoras e creación dun Consello da Infancia como órgano de participación na planificación dos seus espazos e tempos.

## **CULTURA, FESTAS E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

Unha programación cultural estable ao longo do ano e coordinada entre os diversos espazos que programan espectáculos na cidade, xunto co apoio a creación cultural nas diversas expresións teñen que ser prioridades para o goberno municipal. Potenciar as festas tradicionais que xa teñen un forte arraigo entre a cidadanía e fomentar o uso do idioma galego en tódolos ámbitos da vida diaria tamén formarán parte da acción de goberno.

## **CULTURA**



1. Apoio, mediante axudas por concorrencia competitiva, ás creacións culturais nas diferentes artes, que xeren contidos que difundan os valores de Ourense como cidade galega e universal.
2. Recuperación da celebración do Outono Fotográfico e das Xornadas de Banda Deseñada dadas as súas relevancias culturais.
3. Promoción da sinatura dun acordo de colaboración cos antigos integrantes da Banda Municipal de Música
4. Impulso daqueles eventos culturais que se celebren na cidade e que xa están consolidados como o FITO e a MITEU, buscando un espazo claro e definido para outros como é o caso do Festival de Cine.
5. Promoción dunha programación unificada e coordinada nas distintas infraestruturas culturais da cidade, para que non coincidan nun mesmo día eventos similares.
6. Achegamento a un acordo coa Deputación Provincial para a cesión ao Concello do Centro Cultural Marcos Valcárcel e do Teatro Principal.
7. Impulso da creación de CultuAuria como sinal de identidade, espazo de confluencia e interacción da nosa creación cultural.
8. Demanda ao Goberno do Estado da apertura antes de que remate 2019, do Complexo de San Francisco, biblioteca e arquivo.
9. Esixencia ao Goberno do Estado da execución sen demora inxustificada das obras do Museo Arqueolóxico de Ourense.



## **FESTAS**

10. Colaboración coas comisións de festas dos distintos barrios na organización das súas festas para dinamizar toda a cidade e non só o centro.

11. Reconversión de celebracións tradicionais coma os Maios, o San Martiño, o Entroido, etc. en eventos que transcendan o ámbito local e sirvan de polos de atracción turística e de xeración de recursos, sen desvirtuar a súa esencia.

12. Promoción mediante a celebración de actos e actividades, para que a festividade do 25 de xullo sexa sentida como propia pola cidadanía de Ourense e se indentifique con ela.

## **NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

13. Elaboración en consonancia coa normativa vixente dun Plan de Normalización Lingüística que promova a utilización do galego en tódolos ámbitos que sexan de competencia municipal, incentivando o seu uso tamén no ámbito persoal e privado, especialmente no comercio, medios de comunicación, empresas que realicen traballos ou presten servizos para o concello, etc.